



# 101

Máximas e Reflexións  
de Plácido Castro



FUNDACIÓN

PLÁCIDO CASTRO

## ÍNDICE

Presentación	7
Acción exterior	9
Arte	15
Celtismo	21
Ciencia	27
Cultura	33
Democracia	39
España	49
Galeguismo	57
Galicia	69
Galicia e España	77
Identidade	81
Irlanda	91

Autor da escolma: Xulio Ríos  
Deseño gráfico: Pepe Carreiro  
Depósito Legal:

Unha iniciativa da Fundación Plácido Castro  
Máis información: [www.igadi.org](http://www.igadi.org)  
Contacto: [info@igadi.org](mailto:info@igadi.org)

Lingua	101
Nacionalismo	107
Saudade	119
Universalismo	127
Xeral	139

Este breve percorrido polas reflexións de Plácido Castro (1902-1967) evidéncianos o seu forte compromiso con Galicia ao tempo que nos traza os vectores esenciais do seu pensamento e ideario.

Ao inventariar estas máximas pretendemos espertar a curiosidade do lector e animalo a afondar no coñecemento da vida e obra deste insigne galeguista.

Maio de 2013.

# ACCIÓN EXTERIOR

1

Unha Galicia en liberdade  
podería cumprir a súa  
misión histórica de  
aproximación a Portugal e  
ao Brasil alén das súas  
relacións sentimentais coas  
terras célticas espalladas  
pola beira do Atlántico.

## 2

A orientación cara as terras célticas do Norte ten que ser unha parte esencial, a máis importante, do que puideramos chamar a nosa política exterior intelectual.

## 3

O Atlántico é para nós un lazo que axunta e non un abismo que arreda.

## 4

Unha Galicia galeguista non só terá unha intensa vida propia, senón que se atopará ligada a un conxunto de pobos ibéricos, a unha comunidade de países galaico-lusitanos, a unha irmandade de terras célticas que proxectará en cada un o seu espírito propio e que recibirá de cada un o estímulo peculiar da súa cultura.

## ARTE



## 5

A arte popular é un lazo de unión entre os pobos porque é o mais espontáneo e o máis humano que cada un produce; xorde en tódalas nacións de motivos case idénticos.

## 6

A arte non conduce á  
felicidade sendo con  
frecuencia o seu tema esa  
mesma disparidade entre os  
feitos e os soños.

## 7

¿Sería posible convencer ás  
nosas clases ricas de que se  
enxalzarían a si mesmas  
estimulando a produción de  
obxectos de arte popular  
galega e adornando con  
eles as súas vivendas en  
lugar de mercar un  
exemplar da última serie  
fabricada por calquera casa  
de París ou de Madrid? Así

demonstrarían mellor gusto  
e maior galeguismo.

CELTISMO

8

A fina sensibilidade, o idealismo, o amor á arte e á natureza, a capacidade de dúbida e de soñar caracterizan aos celtas.

## 9

Entre tódalas culturas europeas é a céltica, coa grega, a máis digna de rexurdir, a que mellor pode servir de inspiración aos homes do noso tempo.

## 10

A principal xustificación da existencia do nacionalismo galego reside na persistencia do espírito celta na alma do pobo a través de tantos séculos de infortunio e de dominación estraña.

11

Nos poetas de inspiración  
céltica adquire unha  
especial intensidade e  
amargura a aversión á  
vellez e á decrepitude  
buscando un triste consolo  
na saudade da infancia.

CIENCIA

12

Crer na ciencia e seguir  
soñando debe ser o noso  
lema.

13

As relixións, prisioneiras  
dos seus dogmas, non  
puideron incorporar os  
descubrimentos científicos  
ás súas crenzas.

14

Seguimos crendo en moitas  
cousas que o noso intelecto  
non acepta como  
verdadeiras no sentido  
científico pero que non  
abandonaremos nunca ante  
os avances da ciencia  
porque serán sempre unha  
parte esencial da nosa  
mentalidade.



# CULTURA

15

Debemos crear un sistema cultural propio que leve en si o selo inconfundible da nosa individualidade.

16

Quizais non exista un  
pasatempo –por non  
chamarlle vicio– que se  
atope ao mesmo tempo tan  
cheo de feitizo e de  
tormento como o intento de  
traducir doadamente os  
belos poemas, de longo  
tempo amados...

17

O noso temperamento  
sinálanos a ruta da  
imaxinación e obríganos a  
seguila se queremos que o  
noso teatro reflecta a alma  
de Galicia e sexa algo máis  
que unha copia da  
mediocridade allea.

# DEMOCRACIA

## 18

Cal das dúas tendencias é a verdadeiramente democrática? A que ve a sociedade como unha escaleira cuns chanzos sinalados con cantidades de dólares, ou a que considera a todas as súas clases igualmente dignas e se preocupa da igualdade política e xurídica de todos os seus membros?

## 19

Se a aspiración do galeguismo de que Galicia sexa unha democracia libre de privilexios, na cal impere a xustiza social e económica e a liberdade cidadá, aspiración tan galega, tan razoable, tan pouco estridente, resulta ser na contenda política española algo terriblemente

revolucionario e esquerdista, a culpa non será en derradeiro termo dos galeguistas, senón do atraso mental en que viviu España ata hai pouco tempo.

20

Se os galegos teñen  
dignidade veranse  
obrigados a buscar por  
outros medios o  
recoñecemento dos dereitos  
que se lle negan cando  
legalmente os afirman.

21

Por graves que sexan as  
crises que atravesese, un país  
cun alto concepto da  
xustiza posúe unha base  
indestrutible de grandeza  
que non poderán destruír  
ningunhas adversidades  
pasaxeiras.

## 22

O réxime democrático demostrou posuír maior solidez nas pequenas ca nas grandes nacións, quizais porque as ditaduras atopan un campo máis propicio nos países poderosos, con ambicións imperialistas e militaristas.

## 23

Terían que ser moitos os defectos da democracia para facela moralmente inferior a un réxime ditatorial.



ESPAÑA

24

Os defensores da unidade española non actúan impulsados por un sentimento de unión ou de solidariedade senón que os anima un afán de hexemonía, unha ansia de grandeza e de autoridade.

## 25

Unha España constituída por nacións autónomas tería, sen ningunha dúbida, na vida internacional, un porvir moito máis brillante ca un Estado unitario.

## 26

Para Galicia ten pouca importancia que España sexa unha monarquía ou unha república porque en ambos os dous réximes se postergan os seus intereses e se lle trata como unha colonia.

## 27

A consecuencia máis grave do réxime político de España non foi a miseria material que produciu senón a degradación moral inseparable do falseamento da democracia e dos ideais, que deixaron o país incapacitado para a vida política.

## 28

A única esperanza de fraternidade ibérica, a única posibilidade de crear un verdadeiro patriotismo e un xenuíno espírito español integrados polas culturas de cada pobo, reside na liberación destes pobos e a intensificación das súas características peculiares.

# GALEGUISMO

29

O dilema actual de Galicia  
é o seguinte: ou  
galeguismo ou morte; ou  
crear unha vida propia ou  
seguir sendo imitadores.

30

Ser “galeguista” é algo moi  
distinto de ser  
“autonomista”.

31

Para un galeguista só pode  
haber unha política galega,  
a de colocarse fronte a un  
Estado que descoñece os  
nosos problemas e posterga  
os nosos intereses.

32

O galeguismo nunca tivo xamais o menor contacto co caciquismo; e aínda nas súas manifestacións literarias e artísticas foi sempre inimigo inescusable dos caciques. O noso espírito é diametralmente oposto á mentalidade caciquil.

33

Todo galeguista debe subordinar a súa ideoloxía persoal para colaborar na loita pola liberación de Galicia. Cando ese día chegue, poderá escoller por vontade propia a orientación política que máis lle conveña.



## 34

Se aos galeguistas nos  
móvese un mero interese  
partidista alegrariámonos  
da decadencia e dos erros  
doutros partidos galegos.  
Pero os que pertencemos a  
un partido que só existe  
para lograr a liberación de  
Galicia temos que lamentar  
os erros dos nosos  
adversarios cando supoñen

o afrouxamento da unidade  
galega.

## 35

O nacionalismo ten que decidir se para a Galicia do porvir vale máis a feble esperanza dunha próxima e limitada autonomía ou a absoluta integridade e supervivencia do auténtico contido separatista do galeguismo.

## 36

O espírito galego foi sempre tan fondamente liberal que incluso por tradicionalismo ten que ser liberal o galeguismo.

37

A cidade moderna, a urbe industrial, non pode substituír ao tradicional como fundamento do galeguismo.

GALICIA

38

Quen non antepoñan a súa  
lealdade a Galicia a todo  
outro ideal, non poderán  
servir fielmente a Galicia.

39

Ningunha colonia deixou  
de selo ata que  
espiritualmente se redimiu.

E Galicia, que hoxe por  
hoxe é unha colonia, aínda  
non se redimiu a si mesma.

40

Dáse o caso de que os ver-  
dadeiros inimigos de Gali-  
cia están entre nós, ou  
usurpan fóra de Galicia a  
representación do noso  
pobo. Son os que subordi-  
nan os intereses de Galicia  
ás súas comenencias perso-  
ais ou partidistas, os homes  
sen ideal cívico nin demo-  
crático.

41

Será a morte de Galicia seguir sendo un país sen emoción propia, un país de imitadores, de europeos de segunda man, unha terra habitada por persoas con esa mentalidade colonial, verdadeiramente aterradora, que revelan os que din con satisfacción que en Galicia “non hai ambiente autonomista”.

42

Si se nos considera como colonia, temos que actuar como colonia, como todas aquelas colonias rebeldes que ao fin conseguiron a súa liberdade.

# GALICIA E ESPAÑA

## 43

Sen ser galega non pasará Galicia de ser un anaco de territorio do Estado español, sen alma propia, flamenquizada pouco a pouco e que posuirá como aspiración máxima a de caciquear con máis ou menos eficacia nos Ministerios madrileños. Velaí o universalismo dos nosos adversarios.

## 44

Galicia, sendo galega, é mais universal e ten mais personalidade que se perde a súa identidade nun Estado español uniforme.



45

O erro dos que se identifican co espírito da meseta, por natureza ou por adaptación, consiste en supor que os nacionalismos ibéricos son iguais.

IDENTIDADE

46

Todo fanatismo repugna ao  
temperamento galego,  
caracterizado pola  
comprensión, a  
transixencia, a dúbida.

47

Convennos máis,  
seguramente, un pouco de  
barbarie rebelde ca un  
exceso de submisión.

48

Semella como se na nosa  
Terra a convivencia case  
familiar nos restase a  
facultade de perspectiva  
diante dos nosos grandes  
homes.

49

O galego posúe certa aptitude camaleónica, o cal pode incluso, en certas circunstancias, ter o seu mérito.

50

Un pobo é tanto máis eficiente e admirado canto menos se deixa influenciar polo resto do mundo.

51

O noso non será tan só o  
que nos chegue máis  
dentro senón aquilo que en  
maior grao fará gozar a  
quen nos visita.

52

Cómpre sermos críticos  
con esa tendencia que nos  
leva a aceptar e asimilar o  
alleo, en moitos casos ben  
inferior, en detrimento do  
noso.

# IRLANDA

53

Moito proveito podemos sacar os galegos da vida e a historia de Irlanda. Se queremos recobrar algunha parte da tradición perdida é na súa terra onde teremos que buscala.

54

Un galego séntese aquí máis perto da súa Terra ca en moitas rexións que só distan de Galicia uns centos de quilómetros.

55

Eu, persoalmente, prefiro o entusiasmo apaixonado dos rebeldes irlandeses á indiferenza murmuradora dos galegos desgaleguizados.



56

Saio de Irlanda convencido  
de que a súa independencia  
lonxe de significar unha  
desintegración ou a  
destrución dunha unidade,  
foi un acto de verdadeira  
creación.

57

Irlanda, inspirándose no  
seu, logrou crear unha  
literatura teatral que é tal  
vez o mellor e o máis  
perdurable do noso tempo.

## 58

Irlanda venceu na súa loita  
 contra Inglaterra non tanto  
 pola violencia –que por  
 desgraza tivo que  
 empregar– como porque o  
 pobo expresou claramente  
 o seu desexo de  
 independencia, ano tras  
 ano. Non debemos  
 esquecer canto contribuíu o  
 amor á antiga cultura

nacional a estimular e  
 acender o patriotismo  
 irlandés e a darlle unha  
 base firme ao sentimento  
 de nacionalidade.

# LINGUA

59

Quen valore os idiomas  
segundo a súa difusión ou a  
súa utilidade práctica pensa  
cun criterio de emigrante.

60

O feito de ser unha creación do noso pobo é unha razón que abonda para que o galego sexa para nós a lingua máis importante do mundo. Se o cultivamos chegaremos a comprendernos e a expresar as nosas ideas, moito máis importantes para nós que as dun filósofo alemán ou un novelista ruso.

61

Á lingua galega ningunha lle gaña en calidades e posibilidades poéticas.

# NACIONALISMO

62

O nacionalismo é unha  
tendencia de grande  
oportunidade no noso  
tempo que se caracteriza  
polo axuste das fronteiras,  
para facer máis doada a  
colaboración e a  
solidariedade internacional.

63

O sentimento nacionalista ten tal forza que é capaz de rexurdir despois de séculos de inacción e nas circunstancias que parecen menos propicias.

64

Quizais non sexa a verba “nacionalismo” a máis axeitada para definir o noso movemento, completamente alleo ao chauvinismo.



65

Os que cremos que o nacionalismo galego é “renacente” e non “nacente” temos que pensar que debe seguir buscando a súa inspiración no antigo, no tradicional, no que diferencia ao noso país dos demais.

66

Grazas ao nacionalismo, Galicia chegou a ter unha personalidade fóra de España á que non podería aspirar se se contentase con ser un pobo asimilado por un Estado español uniforme.

67

Os nacionalismos poden seguir dous cursos, segundo o criterio dos gobernos centralistas contra os que se alzan. A autonomía concedida a tempo pode deter o proceso de disgregación e evitar a separación completa. A tardanza nas concesións ou a falta de xenerosidade

fortalecen o nacionalismo e aseguran o seu triunfo completo.

68

O nacionalismo só pode afirmar a vontade dun pobo de ser libre e a súa liberdade para organizarse como queira sen ter en conta para nada leis ou disposicións que emanen dunha soberanía allea ao seu territorio, porque non pode recoñecer mais soberanía que a do pobo de Galicia.

69

O nacionalismo galego é a negación mesma do espírito conquistador posto que representa a renuncia á gran patria forte. O seu obxecto é acender o patriotismo para que sexa unha forza creadora de cultura e cidadanía dentro do noso territorio. O nacionalismo non é

## SAUDADE

sinónimo de separación; é  
outra forma de unión.

70

A saudade implica a  
imposibilidade do  
estancamento, a constante  
aspiración cara un ideal. O  
pobo que a sinta desexará  
sempre algo que non ten,  
non estará nunca satisfeito.

71

A saudade é un sentimento que inunda a nosa arte e o amor á terra non é senón unha das súas múltiples manifestacións aínda que non a máis importante delas.

72

Desterrar a saudade, a inspiración fundamental da arte céltica, paréceme algo así como unha forma de suicidio.

73

Paréceme equivocado culpar á saudade dos males de Galicia. Tal vez nos faga falta máis saudade aínda, sobre todo a saudade dunha nova Galicia, que sexa como en Irlanda o distante ideal que ó fin nos leve a unha leda realidade.

74

A saudade é como a arte, un desexo de algo, non sabemos moi ben de que, e é precisamente a vaguidade do anhelo o que a distingue do simple desexo de volver á patria e a eleva á categoría dun sentimento artístico.

75

Sería aventurado afirmar  
que a saudade é un  
sentimento enteiramente  
triste. Posúe un carácter  
demasiado artístico para  
selo.

UNIVERSALISMO



76

Unha constante aspiración  
do galeguismo, aínda que  
pareza estraño aos que nos  
chaman separatistas, é a da  
universalización de  
Galicia.

77

O nacionalismo, lonxe de constituír un motivo de apartamento e de división, vén a ser un axente de aproximación e de pacificación moito máis eficaz que as ideas internacionalistas, ocas e inútiles porque ninguén as sente con convicción.

78

É certo que está agromando un novo cosmopolitismo, mais, aínda que semelle paradoxal, é un cosmopolitismo nacionalista.

79

Propugnando o ideal de “Galicia, comunidade cooperativa” ao mesmo tempo que nos identificamos completamente coas realidades da nosa Terra, estamos en harmonía ideolóxica coas grandes correntes de opinión das nacións máis importantes do mundo.

80

Non se pode no mundo de hoxe restaurar un folclorismo simulado que sería un tanto falso. Pero si conservar o que existe e dignificalo levándoo ó terreo da arte. Recibir o que o mundo exterior nos ofrece, pero brindarlle tamén o noso. Contribuír a que non se vaia crear un

mundo monótono habitado  
por seres uniformes nos  
seus gustos e  
manifestacións.

81

O patriotismo das pequenas  
nacións é sempre pacifista  
porque xorde dun puro  
amor á terra.

82

Os posuidores en Galicia  
dun espírito xenuinamente  
internacional, universalista,  
libre de supersticións  
patrióticas, son  
precisamente os  
nacionalistas galegos.

83

Un galeguismo sensato non  
impedirá que esteamos  
sempre en contacto coa  
cultura europea, un  
contacto máis íntimo que o  
que manteríamos por  
medio das traducións das  
ideas europeas que nos  
presentan os pensadores  
madrileños.

XERAL

84

A inmortalidade gáñase  
mellor cunha ducia de  
poemas nunha antoloxía  
que con todos os efémeros  
trunfos dos potentados e  
todo o brillo da fortuna dos  
aventureiros das finanzas.

85

A persoa ou o pobo que se comprendan a si mesmos deben ter moi pouco que comprender.

86

Democrática e humanamente, a vida e o benestar dos seres humanos mais próximos a nós están por riba de todo partidismo político ou relixioso e de calquera sistema de goberno.



87

A diplomacia é unha cousa tan delicada que non resiste a presenza da verdade.

88

Se o fundamental nun partido é a súa ideoloxía, expresada nun programa, o esencial para fixar a súa posición política será esta ideoloxía e non os pactos que poida concertar con outros partidos.

89

Ao cabo de moitos séculos  
do que se deu en chamar  
“civilización” e “progreso”  
–unha maneira de asubiar  
na escuridade para facer  
ver que non temos medo-  
non chegamos a lograr a  
sombra dun acordo en  
ningún terreo acerca do que  
é a verdade, de cales son as  
 cousas reais e

fundamentais, se é que  
existen.

90

O humorismo é quizais  
tanto mais delicioso canto  
mais lonxe teña estado do  
ánimo do seu autor o  
provocar un sorriso.

91

Cómpre establecer unha  
distinción entre os actos  
dos gobernos e as actitudes  
dos pobos.

92

É posible que en política unha persoa nunca deba referirse ao imposible, porque as sorpresas son sempre unha cousa que debe esperarse.

93

A necesidade de meditar ben o que se vai facer impón un incómodo período de incerteza e é certamente un inconveniente pero a vantaxe de saber que non se tomou unha decisión precipitada constitúe unha ampla compensación.

94

Nunca puiden comprender  
como se espallou polo  
mundo a idea dun inglés  
reservado, solitario, frío.

95

O prestixio da autoridade  
non depende da defensa de  
actos arbitrarios senón do  
imperio absoluto da razón.

96

Convén aos nosos gobernantes –como cidadán ideal- o “home-can”, o que lambe a man do amo que o castiga con tal de que algunha vez lle dea un anaco de pan.

97

¿Non é preferible o descontento do idealista á vaidade do que está satisfeito?

98

É difícil decidir se unha idea política é avanzada ou reaccionaria porque as transformacións do espírito humano fan parecer retardador o que anteriormente se nos antollaba progresivo.

99

A poesía é a arte mais fermosa. A tolerancia, a cualidade mais digna da alma humana.

100

A dúbida paréceme a mais  
fina expresión do  
liberalismo.

101

O unitarismo ten unha gran  
afinidade, en canto aos  
sentimentos que o inspiran,  
co imperialismo.



## SEMBLANZA BIOGRÁFICA

Educado na Gran Bretaña, Plácido Castro (1902-1967) percorre unha viaxe vital desde o seu Corcubión de nacemento ata o Cambados da súa etapa derradeira. Este librepensador, dandi transterrado, dotado de múltiples cualidades dispersas (publicista, músico, escritor, erudito, político, tradutor, xornalista, astrónomo, profesor de inglés...) tivo unha determinante actividade na vida política e cultural do seu tempo.

Alentou as Irmandades da Fala, nas que prendeu a Galicia do seu soño; militou no Partido Galeguista de Bóveda e Castelao, sendo Secretario de Relacións Internacionais, ao que representaría no IX Congreso de Nacionalidades Europeas, no que Galicia, co seu discurso, obtén o aval de nación europea.

Plácido Castro é un dos Galegos na Historia, nesa Historia que se nos nega e na que homes e mulleres coma el aínda permanecen silenciados. A lingua galega, prohibida

despois de 1939, escoitábase en Galicia ao sintonizar a emisora británica BBC; era a voz e a palabra de Plácido Castro que relatava a nosa cultura propia, no primeiro programa estable en idioma galego no mundo da radiodifusión.

(Da biografía de Plácido Castro, Xulio Ríos, Ir Indo edicións, 1997).

## CRONOLOXÍA

1902. Nace en Corcubión un 25 de xaneiro.

1908. Inicia en Scarborough College (Reino Unido) os seus estudos.

1919. Matricúlase na Universidade de Glasgow para cursar estudos de Filoloxía Inglesa.

1923. Solicita a homologación dos seus estudos adquirindo o título de profesor de idiomas.

1927. Comeza a colaborar cos diarios "El Pueblo Gallego", de

Vigo, e "Informaciones", de Madrid.

1928. Publica "La saudade y el arte en los pueblos célticos". Traduce ao inglés "Almas Brujas", de Manuel Linares Rivas.

1931. Pronuncia a conferencia "O nacionalismo, un credo moderno". Participa na Asemblea de constitución do Partido Galeguista. É elixido membro do Consello Permanente e directivo provisional.

1932. Na IIª Asemblea do Partido Galeguista é reelixido mem-

bro do seu Consello directivo. Forma parte da comitiva que participa no mitin de Carral.

1933. Representa ao Partido Galeguista no IX Congreso de Nacionalidades Europeas celebrado en Berna os días 16, 17 e 18 de setembro.

1934. Na III Asemblea do Partido Galeguista obtén, en votación secreta, 1.654 votos. É o máis votado para a Secretaría Executiva asumindo a responsabilidade de relacións internacionais. É elixido Conselleiro primeiro do Grupo do

Partido Galeguista de A Coruña. Participa na reunión de Galeuzca celebrada en Compostela.

1935. Publica na Editorial NÓS: "Teatro irlandés. Dous folk-dramas de W.B. Yeats", traducidos directamente do inglés, en colaboración cos irmáns Villar Ponte. Na IV Asemblea do Partido Galeguista é reelixido secretario de relacións internacionais e membro do Comité Executivo. É elixido presidente da nova directiva da Irmandade da Fala da Coruña. Preside a tribuna da homenaxe

rendida a Curros Enríquez na Coruña. Representa ao Partido Galeguista no Consello Galego de GALEUZCA.

1936. É designado representante da Asociación de Escritores de Galicia en A Coruña. Participa activamente na campaña a prol do Estatuto. Consumada a rebelión fascista, refúxiase en Muxía na casa duns familiares.

1940. É condenado a quince anos de inhabilitación absoluta, oito anos e un día de desterro a mais de cen quilómetros de

Muxía e ao abono dunha multa de 25.000 pesetas. Traslada a súa residencia a Coruxo-Vigo.

1944. Casa en Cambados con dona Jesusa Sineiro Vidal.

1945. Fixa a residencia en Vigo.

1946. A Federación de Sociedades Galegas da Arxentina premia as súas traducións de poesía inglesa ao galego.

1948. Recibe en Galicia a Mr. George Hills, da emisora BBC. Exíliase en Portugal.

1949. Publícase "Poesía in-

glesa y francesa vertida al gallego" (Buenos Aires, en colaboración con Lois Tobío e F.M. Delgado Gurriarán). De novo en Londres, comezan as súas colaboracións na BBC. Colabora co Journal de Noticias de Porto.

1950. Publica "Un tema de Galicia: la saudade y la poesía" (Boletín do Instituto Español de Londres). Colabora co diario "La Nación" de Buenos Aires.

1955. Anima a celebración da Iª Festa do viño albariño, en Cambados.

1956. Regresa a Galicia definitivamente. Incorpórase como profesor de inglés no Instituto Laboral de Vilagarcía.

1957. Colabora ocasionalmente co Diario de Pontevedra e El Pueblo Gallego.

1960. Principia as súas colaboracións con Faro de Vigo.

1961. É un dos principais impulsores da Romaría viquinga de Catoira.

1964. Participa en Baden (Viena) na V Conferencia de Ministros europeos de educación de-

dicada ao estudo "Da civilización do país da lingua que se ensina".

1965. Publica na revista Grial (núm. 8) a tradución de "Os Rubáiyat" de Omar Khayyám, poeta persa do século XI, a partir da versión inglesa de Edward Fitzgerald.

1967. Falece en Cambados o 17 de xullo. Publícase en Grial, a título póstumo, un traballo seu dedicado á figura do poeta e premio Nobel irlandés, W. B. Yeats.

1974. Publícase en Grial, "Laios gaélicos", obra inédita de Plácido Castro.

A Fundación PLACIDO CASTRO ten por obxecto a reivindicación da figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río, atendendo á conservación e divulgación do seu fondo compromiso con Galicia e cunha visión universalista do mundo.

A Fundación adica especial atención á difusión da súa obra artística e literaria, especialmente no campo da tradución, do pensamento e xornalística.

Entre os fins fundacionais cómpre salientar:

–A promoción e realización de debates e reflexións sobre temas internacionais, procurando a apertura dos horizontes exteriores de Galicia e a súa universalización.

–Favorecer as traducións ó galego de textos e obras, en especial de lingua inglesa.

–Apoiar as políticas de formación de xornalistas especializados en

información internacional.

–Fomentar os intercambios de Galicia co mundo británico e irlandés.

–Afondar nas posibilidades de apoio ó desenvolvemento do teatro e das artes plásticas en Galicia.

–Apoio á radiodifusión en lingua galega.

–Promover a edición de publicacións específicas arredor das actividades e preocupacións de Plácido



Castro, así como a realización de iniciativas que contribúan a un maior coñecemento por parte da sociedade galega da súa obra e pensamento.

O Padroado da Fundación Plácido Castro está integrado polos Concellos de Cambados, Corcubión e Vilagarcía de Arousa, a Asociación de Tradutores Galegos e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional. Preside a Fundación, Susi Castro Sineiro.

A Fundación Plácido Castro organiza e convoca un Premio de Tradución dotado con 3.000 euros e cada 25 de xaneiro promove unha Conferencia Anual na súa memoria.

Fundación PLÁCIDO CASTRO  
Sede Oficial e Arquivo Permanente  
Pazo de Torrado, Rúa Príncipe, 10  
36630 Cambados (Pontevedra)  
Tel 986 543 987

Secretaría  
Avda Joselín 7, P3 4º B  
36300 Baiona (Pontevedra)  
Tel/Fax: 986.357238  
E-mail: [info@igadi.org](mailto:info@igadi.org)  
<http://www.igadi.org>